



APDR

Asociación pola defensa da Ría

A APDR RESPONDE AS DECLARACIÓNS DE ENCE ANTE AS MASIVAS FUMIGACIÓNS ÁEREAS QUE SÓ NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA AFECTARÍA A 51 CONCELLOS

A Asociación Pola Defensa da Ría (APDR) considera irresponsábeis e falsas ás declaracións vertidas por ENCE o derradeiro luns (1) nas que defende as fumigacións aéreas masivas a nivel galego nas que segundo datos da empresa **Fitoaragón S.L** só na provincia de **Pontevedra** afectaría a **51 concellos**.

- Cando alude a legalidade do biocida “Cascade” esquece interesadamente que a **Comisión Europea o derradeiro 9 de febreiro de 2012**, tras **varias disposicións anteriores nesa liña**, prohibiu a comercialización do **flufenoxurón**, o principio activo deste biocida, **a partir do 1 de agosto deste ano** por ser **TÓXICO, PERSISTENTE, BIOACUMULÁBEL E DE ELEVADO RISCO ACUÁTICO**.

- Cando ENCE din que empregará o biocida nos cultivos de eucalipto afectados polo goníptero oculta que as 69 zonas de eucaliptais galegos (**de 8 km de diámetro** cada unha) propostas por ASPAPEL supoñen unha FUMIGACIÓN MASIVA co tóxico *Flufenoxurón* **cunha ampla CONTAMINACIÓN de lugares habitados, cursos fluviais e mesmo espazos da Rede Natura 2000** que ademais de eliminar o goníptero tamén o fai con outros insectos, entre os que se encontra a **abella**, insecto particularmente necesario para a polinización das plantas. Esta práctica polo tanto, por riba de ser nociva en xeral para o medio ambiente, coa eliminación de abellas que produce vai en contra da propia produción agrícola local. Ademais, a fumigación por medios aéreos ten o problema engadido da deriva incontrolada da pulverización, polo que a propia Comisión Europea na súa **directiva 2009/128/CE** considera que a fumigación aérea debe en xeral prohibirse.

- **Cando ENCE manifesta que a fumigación con este biocida é “la única vía para atajar al gorgojo”** dende a APDR defendemos que a biodiversidade e a saúde da poboación deben estar por enriba dos intereses da industria madeireira e do papel. A praga do goníptero introducida por ENCE nos montes galegos é a consecuencia lóxica do monocultivo do eucalipto promovido durante anos polos distintos gobernos da Xunta de Galicia. As solucións non poden pasar pola fumigación con biocidas prexudiciais co ecosistema, a saúde das persoas, os sectores produtivos como a apicultura e a agricultura e a destrución do emprego e da actividade económica local. As solucións pasarían máis ben por apoiar a loita biolóxica (a avésa parasitaria *Anaphaes nitens*, insecto clave na loita biolóxica contra o goníptero que tamén está en perigo por estas fumigacións) e por limitar os monocultivos que só serven ao interese da industria pasteira recuperando a biodiversidade dos nosos montes.

A APDR reafírmase na chamada que vén de facer aos **concellos** e ás comunidades de montes de Pontevedra e bisbarra aportándolles documentación técnica, legal e a cartografía coas zonas afectadas (**como a referente a Pontevedra, Poio, Marín, Vilaboa, Cotobade, Cerdedo**).

Pontevedra, 16 de maio de 2012

(1) Fonte: Diario de Pontevedra 15.05.12: «Responsables de Ence manifestaron ayer que la “única vía para atajar el gorgojo” pasa por la utilización del citado biocida, cuyo uso es legal. La empresa pastera asegura que empleará el plaguicida en los cultivos de eucalipto afectados por el gorgojo».

POSDATA: RELACIÓNS DOS 51 CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA AFECTADOS:

Vila de Cruces, Lalín, Silleda, Estrada, Forcarei, Pontecesures, Valga, Cuntis, Caldas, Moraña, A Estrada, Catoira, Caldas de Reis, Vilagarcía, Portas, Campolameiro, Cerdedo, Meis, Rivadumia, Cambados, Sansenzo, Meaño, Poio, Pontevedra, Marín, Vilaboa, Cotobade, Ponte Caldelas, A Lama, Moaña, Soutomaior, Pazos de Borbén, Fornelos de Montes, Redondela, Mos, Mondariz, Pontearreas, O Covelo, O Porriño, Nigrán, Gordomar, Vigo, Tui, Salceda de Casellas, Salvaterra do Miño, Crecente, Arbo, A Cañiza, Oia, O Rosal, A Guarda.

VER DOCUMENTOS A CONSULTAR:

1. INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA SOBRE A COMISIÓN EUROPEA E O FLUFENOXURÓN (PRINCIPIO ACTIVO DE “CASCADE”)


<http://www.apdr.info/Principal/PLAGUICIDAS/COMISION%20EUROPEA E %20FLUFE NOXURON.pdf>

2. VER FICHA TÉCNICA E FOLLA DE SEGURIDADE DO “CASCADE”:

http://www.apdr.info/Principal/PLAGUICIDAS/Ficha_tecnica_Cascade.pdf

<http://www.apdr.info/Principal/PLAGUICIDAS/Folla.seguridade.cascade.pdf>

3. VER CARTOGRAFÍA ELABORADA POR FITOARAGÓN (empresa inscrita no Rexistro Oficial de Establecementos e Servizos Praguicidas) para ASPAPEL DAS ZONAS



PREVISTAS PARA FUMIGACIÓN AÉREA NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

Descargar cartografía completa de cada zona da provincia de Pontevedra afectada en:

<https://dl.dropbox.com/s/wm9af6lbgdwwkg/Zona%20ampliacion%20Pontevedra.rar?dl=1>

4. VER A RELACIÓN DOS CONCELLOS DE PONTEVEDRA DE CADA ZONA DE FUMIGACIÓN E OS ESPAZOS PROTEXIDOS

http://www.apdr.info/Principal/PLAGUICIDAS/Areas_fumigadas_Pontevedra_Relacion_Concellos.e.espazos.protexidos.PDF

5. MÁIS EN INFORMACIÓN NA PLATAFORMA CONTRA AS FUMIGACIÓN:

www.fumigacionnon.org